



**Proxecto do Parque
Forestal Monte Castelo
en Salvaterra**

Páxina 4

**A AA VV Ponteareas
Saudable presenta
denuncias contra o
Concello**

Páxina 8

**Ponteareas propón o
casco histórico como
Área de Rehabilitación
Integral**

Páxina 10

**As Neves: denuncian
carencias na calidade
de ensino no IES Pazo
da Mercé**

Páxina 11

**Rehabilitación de
escolas e parque
infantil en Mondariz**

Páxina 11

**A Cañiza presenta o
estudo integral das
redes de depuración de
augas residuais**

Páxina 12



Ponteareas terá un edificio municipal na Praza Maior

Páxina 9

Portugal - Alto Minho

**Ligazón da ecovia
entre Cerveira e
Lanhelas concluída
até ao final do ano**

Páxina 13

**Rua 25 de Abril de
Monção mais
atraente e próxima
das persoas**

Páxina 14

**Seis restaurantes
para se deliciar com
o Sarrabulho em
Ponte da Barca**

Páxina 14

**Novo hotel abre em
2022 e vai criar 35
empregos em Viana
do Castelo**

Páxina 15

Centro de Negocios Lebosende s.l.

Servicios Agrupados

Mediación de seguros - Gestoría administrativa - Extranjería
Asesoría laboral, fiscal, contable - Compra y venta de activos inmobiliarios

servicioscag@gmail.com - grupoproygal@gmail.com - 648 886 768 - 988 475 504

MISCELANEA

Por Manuel Estévez

Aladino Barros e Os Gales de España, unha institución musical en Pontevedra

Naceu no lugar de Carballás, en terras de Cerdedo, encima de dous manoxos de herba extendidos, que o acolleran perto do monte Seixo e xa sendo un neno acompañaba a Socorro Doporto, súa nai a misa as feiras en Cerdedo, os primeiros domingos de cada mes. Seu pai e irmao, Constantino Barros Varela e Isidro Barros Doporto, emigrantes na capital de Venezuela.

Aladino ía crescendo e cando tiña seis anos retratouno Virxilio Vieitez, aquel fotógrafo que chegou a ser considerado un dos grandes artistas en blanco e negro. Foi o lado dun taxi de cor negro, para enviar a Caracas. Coñeceu ao pai cando tiña 9 anos e a seu irmao cando xa cumprira 20. Un encontro na Sala Avenida de Cerdedo, onde estaba tocando na primeira formación musical Gales de España.

Aladino comezou a estudar acordeón no ano 1963, con Segunda González Freijeiro, muller de Pepe Poceiro, o da afamada orquestra de Pontevedra.

Aos once meses, chegaron a Academia uns músicos de Marín buscando un acordeonista e despois de probar a nove alumnos, decidíronse polo rapaz de Cerdedo para integralo nos Gales de España, permanecendo no grupo ata cumprir coas obrigacións militares.

A partir do ingreso no Conxunto, iniciou estudos de piano, recibindo aulas de don Ciriaco Juez Rojas, bilbaino director da

Banda da Escola Naval Militar de Marín. Ata 5º ano examinándose no Conservatorio de Pontevedra, tanto de piano como de solfexo, teoría musical e armonía.

Do 5º de Piano ao 8º, asistía dúas veces a semana en Madrid a clases co profesor coruñés, Rafael Sebastião.

Os Gales de España, integrado por Luis Medal Novas, baixista e voz; Xaime González Viceiro, saxo tenor, alto e clarinete; Tomás Abreu Mouco, guitarra e voz; Bibí, cantante e trompeta; Euloxio, batería alem de Aladino Barros.

No ano 1967 incorporouse a filas na capital de España e os tres meses, formou o trío "Los Gigantes".

O cumprir, vinte días despois, chamaronno Los Rivers, músicos da Banda Escola Naval Militar e cando chegou os oídos do baixista de Os Gales de España, mestre nacional, insístitulle que retornara ao grupo para substituír a un portugués que tocaba o acordeón.

Aladino, non estaba moi conforme, dado que si regresaba había que ensaiar moito máis, mínimo tres días semanalmente. Sexa como for Barros, reincorporouse substituíndo igoalmente a Xaime Gonzalez Viceiro nas funcións de director da formación musical, impoñendo a partir desadada, sancións aos que incumpriran as normas. Aos dous meses resistiu solo o guitarrista e cantante, Tomás Abreu Mouco, incorporando músicos da súa idade.

Enrique Esperón Sobral, batería

que infelizmente faleceu no ano 1979; Felix Quintillán, baixista, Antonio Castro, trompeta e cantante, Carlos Froiz Planes, guitarra e voz, os stres de Poio e o saxo Xosé Fernández Leiro.

Aladino xa con un organo Hammond, modelo L122 e Leslie 760, alen dunha amplificación Semprini que substituíría dous anos mais tarde por Altec Lansing alen dun equipo de luces.

A presentación Eloise, unha canción cantada por Barry Ryan, escrita polo seu irmán xemelgo Paul, e moi sonada na voz de Tino Casal

*Black is black, I want my baby back
It's grey, it's grey,
since she went away, oh oh
What can I do, 'cause I, I'm feelin' blue
If I had my way, she'd be here today...*

Outro tema de Os Bravos, podía escoitar en calquera verbena ou Salas de Festas, onde eles subían ao cenario e tamen cancións como "Todo tiene su fin", "El gato que está triste y azul", "Un beso y una flor" e mesmo "Airiños, airiños aires" que te tiñan que repetir e moitas ocasións.

Días antes do malogrado accidente de Nino Bravo compartiran palco no "Xardin Club de Vigo" igual que coincidiron con Cristina y Los Stop na Sala As Airas de Carballo; Irmans Benítez, na Miramar de Redondela; Os Pecos en Negreira; Juan Bau, Montouto; Manolo Escobar, Sala Yenka de Caldas de Reis; Hermanos Calatrava, Montesol, As Neves; Antonio Machín, na Piscina de Sanxenxo; Os



Sirex Sala Teucro en Pontevedra; Mari Trini, A Ramallosa 2000 Nigran; Jeannete, Sala Peña de San Xorxe de Sacos; Basilio en Xardin Club; Módulos en Vilanova de Arousa, Sala Hermida 5000.

No Xardín Clubde Vigo, coñeceu a María Esperanza García Pereira no ano 1972 a que se uniu para compartir amor e traballo en diversas empresas.

Hoxe continúan disfrutando da música e doutros negocios que ten que ver co entorno natural e a paisaxe ,tanto na Boa Vila como no seu berce de Carballás en Cerdedo, ese territorio de Terra de

Montes que pariu personaxes que levaron a música e as artes alen Mar, Avelino Cachafeiro, Virxilio Vieitez, Chano Piñeiro, Ricardo Portela, Antón Fraguas e mesmo a escritora Nélida Piñón, con raíces sen esquecer aquelas Bandas de Música Lavandeira e de Benito.

"Estraños en la noche", "Grande, grande, grande" " Si no te hubieras ido", Angelitos negros", son entre outras moitas composicións que toca sentado diante dun piano Medeli, un dos instrumentos máis recomendados en Alba Solo Música, un negocio que él fundara na Boa Vila hai moitos anos.

o remendón
CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO QUEL Duplinox

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en Angulas e Lamprea, Penas do Río, Cocido a Frío, Bacalao e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 906 630 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



Daquí, dalí e dacolá

Como lles prometín en anteriores editoriais hoxe voume limitar a indicar-lles algún temas de actualidade para que aquel que teña interese profundice nos mesmos. Son tantos que se o fixera eu en vez dun editorial tería que ofrecerlles un libro. E aínda así que tocho de libro sería!!

Comencemos por aquelas frases: "Reiste, resiste" que sempre negaron os populares e da que Rajoy dixo non ter nin idea. Home, algo despistado sí que parecía pero tanto.... Se lles interesa o tema tiren do fio.

Guerra político-sanitaria

Madrid é o campo de batalla elixido por Pablo Casado para atacar ao Goberno de Pedro Sánchez. O pretexto é o coronavirus e a maneira de combatalo.

Nada mellor para esta guerra que dispoñer dunha heroína tipo Juana de Arco para non fallar no intento. Ese papel represéntao a Presidenta da Comunidade madrileña a Sra. Ayuso. Ela é quen ergue a bandeira do madrileñismo máis rancio para gritar a voces que Pedro Sanchez vai acabar con Madrid. Nin sequera durante a Guerra Civil o ferrolán foi quen de facelo, pero....

A Presidenta madrileña dispútalle ao goberno o número de contaxiados diarios de Madrid, cidade e Comunidade. Fai trampa no solitario e non aporta o número concreto de afectados cada día; desa maneira nunca se sabe con exactitude cantos son. Aquí está a nai do año. Segundo os seus cálculos diarios están baixando os contaxiados, pero non di que cando aporta os datos fáltranlle por sumar os dos últimos días.

Así as contas nunca son exactas.

O problema de Casado é que os seus "baróns" con responsabilidade institucional ou non labran as súas respectivas leiras cos seus propios arados. Feijóo dende Galicia entendese directamente

sición resulta complicado conseguir algo de sentido común. Entre os grupos independentistas que tentan botarlle un pulso ao Parlamento e tamén ao Goberno e o PP e Vox que se dedican a tensar a corda da españolidade e da de-

tornillo frouxo? Terá, acaso, algunha enfermidade mental que lle afecte á memoria? Como pode pedir a un presidente dun goberno elixido polo Parlamento do Estado, conformado logo da censura con membros deses partido que foron os alicerces desa sesión solicitar a súa dimisión?

Obviamente, diante desta teimosía de non querer renovar eses membros do Poder Xudicial o Partido Socialista, que non o Goberno, presentou no Parlamento unha proposta de lei para poder facer esa renovación coa maioría simple de 176 deputados. Hai discrepancias entre os xuristas se isto é ou no posible, xa que a Constitución fala dunha maioría reforzada de 210 deputados. Sexa dunha maneira ou doutra Casado xa ten anunciado que levará o tema ao Tribunal Constitucional. É posible que este tribunal bote por terra e anule a lei prevista, pero o problema é que cando o faga xa se terán producido unha serie de actos xurídicos que vai ser moi difícil desenredar. Por lóxica antes dun ano non habería sentenza do Constitucional.

Voltemos a Terra

Nas pasadas eleccións municipais Feijóo celebrou esponsais en Ourense cun tal Jácome que pasaría a ser o Alcalde de Ourense a cambio de que o PP puidera seguir gobenando a Deputación. Ata aí todo "correcto". O problema presentouse cando Jácome se dedicou a gobernar a súa maneira. Total que os concelleiros do PP abandonárono e nestes momentos está gobernando con só dous concelleiros. Un goberno de tres, que non un tripartito, leva as rendas

da municipalidade ourensá.

Todos piden a renuncia de Jácome para constituir un novo goberno de maioría pero os demais partidos non se poñen de acordo en como facelo. Todos queren ser cabeza de león.

Diante deste panorama Feijóo ordenou o peche da cidade de Ourense pola pandemia comunicándolle ao Alcalde pasados 20 minutos despois de que fora publicada a orde respectiva. Todo un talante democrático, non cren?. Así anda a política na cidade das Burgas; quente como as mesmas augas que saen das súas entrañas.

Unha de Caixas de Aforros

Lembrarán que anos ha produciuse unha fusión entre a Caixa de Aforros de Vigo-Ourense e a Caixa Galicia da Coruña. Deste matrimonio sae CAIXANOVA. Esta fusión amparada de maneira interesada por Núñez Feijóo acabou quebrada. A razón, segundo ven de sinalar a Audiencia Nacional, foi o empeño de meter a Caixa Galicia, que estaba en bancarrota, na operación da fusión. Que interese tiña Feijóo en que as cousas se fixeran en contra da opinión dos expertos? Tal vez algún día o saberemos, claro que xa ninguén lle devolve a Galicia as súas caixas de aforros que tanto servizo prestaban ao noso País.

Por hoxe, xa chega, non cren?. Vaian averiguando máis sobre estes e outros temas. Non queremos ser pesados nin que entendan tmos un interese especial.

Sexan vdes. quen cheguen a conclusións que sempre serán súas mellor que ditadas por ninguén.

Teñan coidado co ar infectado que nos toca respirar. Saúdos.



con Pedro Sánchez. Bonilla (PP) dende Andalucía segue as recomendacións do doutor Simón, o mesmo que fai Mañueco dende Castela-León. Só en Madrid existe guerra.

O problema é que a pandemia non entende de guerras políticas.

A terceira pata do Estado está coxa

Vdes. saben que dende Montesquieu existen tres poderes: lexislativo, executivo e xudicial.

O primeiro ofrécenos a diario un espectáculo deprimente. Concéntrase no Congreso e no Senado voces subidas de tono, insultos de todo tipo, etc. Un espectáculo deprimente que non nos merecemos. Claro que pola súa compo-

mocracia borbónica o espectáculo está servido. Nel ten un papel destacadísimo o Partido Popular que perdeu Poder. Os populares non se acostuman á Oposición por iso nada lles vale segundo veña do Goberno os dos demais grupos que lle deron apoio a Sánchez para tumbar a Rajoy.

Pero onde mellor se ve este "quero e non podo" popular é no que fai referencia á renovación dos órganos do Poder xudicial xa en prórroga dende fai dous anos.

Pablo Casado afirma que non se senta con Pedro Sánchez para negociar este tema tan básico nunha democracia ata que Sánchez non bote fora do goberno aos ministros podemitas, sobre todo a Pablo Iglesias. Terá Casado algún

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

Proxecto do Parque Forestal Monte Castelo

O Concello de Salvaterra de Miño, foi beneficiario dunha subvención con cargo á Liña 1 da convocatoria de subvencións a concellos destinada á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais, da Deputación Pontevedra.

A subvención foi para a redacción do proxecto do futuro parque forestal denominado Monte Castelo, a petición da MVMC de Pesqueiras e en colaboración co Concello de Salvaterra, e que conta cunha extensión de 31,35ha.

O obxecto desta axudas é a elaboración de proxectos de parques forestais e a súa execución na provincia de Pontevedra, entendéndose por tales as zonas de monte con suficiente amplitude,



mínimo 30 hectáreas, con valores paisaxísticos a preservar e poñer en valor e que abrangan área continuas e coherentes, tratadas mediante a execución dun proxecto que teña por finalidade potenciar

os valores paisaxísticos, o uso e disfrute xeral por parte dos veciños/as e a resistencia aos incendios, tanto na posibilidade que se orixinen como nos seus efectos no caso de iniciarse.

Abre o Parque de A Canuda, de luns a venres, e as pistas deportivas

O Equipo de Goberno do Concello de Salvaterra de Miño ven de reunirse para tratar o delicado tema da apertura do Parque de A Canuda, así como das pistas deportivas.

Como xa é sabido por todos, unha das primeiras medidas adoptadas polo Concello fronte a COVID-19 foi o peche do Parque e as Pistas Deportivas, sendo o Parque especialmente un lugar de atracción turística no que as visitas masivas de persoas supuña un risco de contaxio elevado difícil de xestionar.

Logo de todos estes meses e sendo conscientes do que supón este lugar de ocio e deporte para os nosos veciños e veciñas, se abrirán as portas de ambas zonas, iso sí, cunhas medidas adaptadas a situación actual e que poderán variar en función da evolución da crisis sanitaria.

A principal novidade referida ao Parque, ademais do protocolo habitual da máscara facial e a distancia de seguridade, é que terá un horario de apertura que será de luns a venres de 08:00 -20:00 horas, permanecendo pechado a fin de semana para

evitar a chegada masiva de visitantes doutras zonas. Ao mesmo tempo, soamente se abrirá a zona "verde" do Parque, quedando inicialmente a zona de xogos restrinxida; "non é unha situación de normalidade nin o fin do Coronavirus, polo que temos que ser responsables e actuar con rigor para non por en perigo todo o sacrificio que levamos feito conxuntamente a Administración Pública e o Pobo de Salvaterra", apunta a Alcaldesa Marta Valcárcel.

En canto ás Pistas Deportivas, ademais do uso da máscara facial en todo o recinto, lembrese que haberá que evitar as situacións de contacto na pista polideportiva e manter unha distancia de seguridade no foso de SKATE, polo que se roga responsabilidade aos usuarios.

As canchas de tenis poderán reservarse na nova páxina web de Deportes do Concello, deportes.concellodesalvaterra.com, onde dun xeito doado e guiado cun sistema de horarios e de pago quedará reservada, así como a pista de pádel que estará en funcionamento nos vindeiros días.

Obras de ampliación do IES Salvaterra

As obras de ampliación do IES Salvaterra de Miño, que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional adxudicou para a ampliación dos talleres do centro, por importe de 528.891 euros, levan un bo ritmo de execución.

As obras compatibilízanse coas clases, sempre baixo as máximas medidas de seguridade. Os traballos teñen un prazo de execución de nove meses.

A actuación ten como finalidade atender as necesidades de espazo dos ciclos de madeira, moble e cortiza, mediante a ampliación das instalacións de talleres do instituto, que ata o momento estanse impartindo nunha nave do Polígono Industrial Chan da Ponte, que costea o Concello de Salvaterra de Miño. Para iso empregáranse 244,67 m²; da planta inferior do actual ximnasio.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Obras de pavimentación no Polígono Industrial de Salvaterra de Miño

O Concello de Salvaterra de Miño ven de adxudicar por un importe de máis de 100.000€ a pavimentación de viais no Polígono Industrial Chan da Ponte, en Salvaterra de Miño, a través dunha subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para mellores de parques industriais.

Con esta acción o Grupo de Goberno local quere realizar mellores no seu polígono, que a día de hoxe da traballo a máis de 500 persoas e que necesita unha obra de mellora nos seus viais. Por ese motivo o Concello acolleuse a orde da Xunta para a habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais de Galicia que financiará a obra por un importe de 80.255,85, os outros 20.063,96€ cofinancianse a través do Plan Concellos.



O Polígono Industrial de Chan da Ponte, que se puxo en funcionamento no ano 1999, conta con 275.000 metros cadrados de superficie e unha superficie neta industrial de 156.111 m². Os viais interiores teñen un nivel de deterioro severo, provocado polo intenso tráfico que circula por eles e o paso do tempo.

A actuación principal de pa-

vimentación executarase mediante estendido e compactado dunha capa de rodadura de 5 cm de espesor de mestura bituminosa en quente tipo AC16 Surf 50/70D, ademais fresaranse zonas concretas nas que non se pode subir a cota actual do vial, 1860 m² de fresado firme e máis de 8.600 m² de capa de rodadura.

As obras teñen un prazo de execución de 1 mes.

Salvaterra adhírese ao Proxecto Horeca

O Concello de Salvaterra de Miño adhírese ao Proxecto Horeca, un proxecto que ten un dobre obxectivo, por un lado a divulgación e por outro a formación, meturado co fomento da recollida selectiva municipal.

Esta actuación realízase con fondos compartidos entre a Xunta de Galicia e Ecoembes, e nos que xa participan máis de 100 concellos en Galicia e máis de 2500 bares e restaurantes, que están potenciando un crecemento importante no contenedor amarelo.

Nestes días estanse facendo en Salvaterra visitas aos establecementos para informar acerca do proxecto e promover a súa incorporación, captar establecementos que queiran sumarse a iniciativa de Ecoembes e incentivar a reciclaxe.

Ademais nas visitas faise un

recoñecemento do local, coa finalidade de definir os medios que necesitan para a reciclaxe (cubo, papeleira...). Entrégase información en materia de recollida selectiva a través de dípticos e guías de barras.

Temos que recordar que o sector da hostelería e da restauración xogan un papel importante para seguir incrementando a reciclaxe de envases lixeiros no noso municipio. A súa colaboración e participación é fundamental á hora de realizar unha correcta separación de envases lixeiros (envases de plástico, briks e envases de aceiro e aluminio). A implicación do sector nesta iniciativa é primordial para que entre todos sigamos contribuíndo no incremento da reciclaxe de envases lixeiros no municipio e na mellora e conservación do medio ambiente.

Servicio de Orientación sociolaboral

O Concello de Salvaterra contará proximamente cun servizo de Orientación sociolaboral financiado pola Xunta e impulsado polo concello que terá por obxectivo o incre-

mento e a mellora da empregabilidade así como a cualificación das persoas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

O servizo estará situado no edificio do concello e as persoas

interesadas poderán solicitar cita a través da oficina de emprego de Ponteareas. Tamén terá presenza nas redes sociais para a difusión de ofertas de emprego e información sobre formación.

Comezan os cursos de inverno

O Concello de Salvaterra os cursos de inverno, entre os que están os de carretilleiro, DNI electrónico e certificados electrónicos, monitor de tempo libre, fotografía

creativa, papiroflexia, lingua de signos ou dietética.

As inscricións pódense facer na web do Concello.

Máis información na contraportada deste xornal.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Retómanse as obras de reurbanización do primeiro tramo da rúa San Roque

O goberno de Ponteareas informa que se retoman as obras de reurbanización do primeiro tramo da rúa San Roque despois da paralización provocada polo abandono inxustificado da empresa adxudicatária que deixou sen rematar obras en múltiples concellos de Galicia.

O Concello procedeu a licitar a continuación das obras despois de resolver todos os trámites legais precisos e esixir as responsabilidades, sancións e garantías á empresa adxudicatária, adxudicando en 91.480,83€ a continuación das obras de reurbanización deste primeiro tramo da rúa San Roque. Unha operación que conta co apoio dos fondos FEDER da Unión Europea no marco da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable".



O goberno local realizará un exhaustivo seguimento da obra e nestes primeiros días os técnicos revisan as canalizacións soterradas para garantir o seu bo funcionamento, "agradecemos a comprensión e a paciencia da

veciñanza que tivo que convivir coas obras e cos prazos e trámites complexos pero imprescindibles para garantir a legalidade e esixir todas as responsabilidades. Prazos que se prolongaron coa parálise do estado de alarma".

O bipartito dobrégase ante o estado rexeitando solicitar por escrito os 27 millóns de euros para a n-120 e a circunvalación

Os populares presentaron unha moción, tras reunirse coa plataforma de afectados, na que instaban o Goberno Central a manter no borrador dos Orzamentos Xerais do Estado, os 27 millóns comprometidos no ano 2018. "O bipartito preferiu retirar a nosa moción e substituíla por unha que insta o Estado a comprometerse con estas infraestruturas pero sen cifrar contías económicas. Iso dálles carta branca para que volven

propoñer os 100.000 euros, e non os 27 millóns, como xa fixeron no anterior borrador, que non saíu adiante por falta de apoios", explica Villar.

A moción saíu adiante coa abstención de ACiP no pleno, pero os populares consideran que o bipartito dobregouse ante o Estado e as pretensións de Sánchez e Iglesias de recortar o investimento no municipio.

"O que fixo o goberno foi substituír a nosa moción por unha

deles, sen buscar consenso e sen atender as demandas da Plataforma, que na reunión que mantivemos con eles hai unha semana solicitaron que mentres non estean definidos os proxectos e coñezámoslos, que o diñeiro que está déixese estar. Pero BNG e PSOE renuncian a esixir eses cartos que un goberno do PP en Madrid deixou no ano 2018 nos orzamentos, poñendo por diante as siglas políticas antes que o interese de Ponteareas", di Villar.

O goberno confirma o recorte de traballadores e a privatización do servizo de limpeza

Pleno da corporación celebrado o 30 de setembro, decidiu desestimar a alegación presentada polo sindicato CSIF contra a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada definitivamente polo goberno bipartito en maio deste ano 2020.

Previamente, tamén se desestimaron as alegacións de CC00

e UXT, tomándose todos estes acordos cos únicos votos a favor de BNG e PSOE.

O PP sempre se posicionou en contra da modificación da RPT do Concello, do mesmo xeito que os sindicatos e traballadores. Unha modificación que recolle un recorte inxustificado do persoal de limpeza. "Resulta que o Goberno que propuxo unha RPT

en 2018, agora decide que non se axusta á realidade e manifesta que sobran prazos de persoal de limpeza. Primeiro créas e un ano despois amortízaas co beneplácito do PSOE. Os abandoados de "municipalizar" todos os servizos, recortan o servizo público de limpeza para entregalo a unha empresa privada", afirman os populares.

Ponteareas adxudica as obras de humanización da Praza de Bugallal



O goberno do BNG e PSOE adxudicou as obras de humanización da Praza de Bugallal por un importe de 605.338,28 euros. A actuación está financiada ao 80% con cargo aos fondos da Unión Europea no marco da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable" mentres o Concello achega o 20% restante. Ao concurso público presentáronse un total de doce empresas.

Na actualidade, a céntrica Praza de Bugallal ten pouco máis de 1.000 m2 de superficie e está rodeada perimetralmente por viais destinados á circulación e estacionamento de vehículos que ocupan uns 2.000 m2, convertendo á praza nunha sorte de rotonda. Coa humanización a praza triplicará as súas dimensións superando con creces os 3.500 m2 ao unirse en plataforma única a todas as

fachadas circundantes e ao espazo ocupado pola igrexa parroquial. Deste xeito a Praza de Bugallal integrarase nas zonas xa humanizadas da contorna da Igrexa, a rúa de Oriente e Esperanza e a Praza Maior conformando todas elas un espazo de máis de 20.000 m2 humanizado pensado para as persoas, a súa mobilidade e estancia e para unha actividade comercial de calidade.

Ademais, a reforma e transformación conleva a creación de espazos verdes, a dotación de novo arborado de grande porte que achegará sombra á praza, grandes xardineiras, bancos e mobiliario urbano así como nova iluminación. As obras tamén inclúen a renovación das canalizacións de subministros soterrados e de saneamento e o soterramento dos cableados actuais.

ACiP denuncia descontrol e irregularidades nos servizos da policía local

O voceiro de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP), Juan Carlos González Carrera, denunciou un "descontrol" nos servizos que presta a Policía Local, no que existen días sen ningún axente de policía nin servizo nocturno, toda vez criticou a "política municipal de afán recadatorio", que obriga aos efectivos policiais a sancionar indiscriminadamente.

Neste último caso, denunciou a existencia dun radar privado

da empresa que realiza a recadación do Concello, que levou a súbitos cambios na limitación da velocidade a 20 km/h no centro urbano e 30 km/h na rúa Castela. Informou igualmente que existen "graves irregularidades" nos cobros das multas.

González Carrera tamén sinalou que, no 2018, o Concello recadou 300.000 euros e que aínda non se ten acceso público á memoria de recadación municipal de 2019.

PONTEAREAS

As actividades de Mocidade Viva sumaron preto dun milleiro de asistentes no verán

A concellaría de Mocidade, que dirixe Miguel Bouzó, fixo balance das actividades desenvolvidas durante este verán en Ponteareas no marco do programa Mocidade Viva.

Bouzó salientou que “preto dun milleiro de asistentes puideron gozar da ampla e variada oferta de actividades programadas para as mozas e mozos tendo en conta as súas opinións e demandas”.

Os espazos ao aire libre como as prazas e parques da vila foron o escenario de máis de quince actividades que se desenvolveron cumprindo as medidas sanitarias vixentes. Modalidades de cultura urbana, cine ou actividades nocturnas na vila como a orientación nocturna e o sendeyak foron as que máis atraeron ás mozas e aos mozos.

O concelleiro quixo agradecer



novamente o traballo levado a cabo voluntariamente polas dinamizadoras xuvenís no desenvolvemento e planificación desta programación, lembrando que “dende o Concello facilitamos a formación en materia de lecer alternativo e saudable dun grupo de mozas e mozos no pasado mes de febreiro, e agora coa súa implicación nestas actividades esa formación reverte

na mocidade ponteareá”.

O programa Mocidade Viva, estable durante todo o ano, “continuará neste outono ofrecendo diversas actividades lúdicas e formativas, así como espazos nos que a mocidade poida desenvolver libremente as súas inquietudes. Así, o sábado día 3 celebrouse unha sesión de patinaxe libre no Complexo Deportivo Álvaro Pino.

Ponteareas potencia os principais elementos culturais do rural

Novas ferramentas tecnológicas, paneis informativos e a mellora da sinalización difunden a riqueza do noso patrimonio cultural.

Veñen de realizarse actuacións de mellora e sinalización interpretativa de seis importantes elementos do patrimonio cultural. Esta iniciativa contou co apoio da Deputación de Pontevedra e tivo un custe total de 13.833 €. Unha aplicación móbil a través dun código Bidi trasládanos á igrexa parroquial



de Santa María de Areas ou á de Santa Mariña de Pías, Santo Estevo de Cumiar, San Pedro de Angoares ou Ponte de San Roque e Ponte Vella dos Remedios, ademais de coñecer a orixe da Ponte das Partidas.

O Concello de Ponteareas concede 50.000 euros en axudas a clubs deportivos federados

A Concellaría de Deportes, que dirixe Nahir Covelo, informa da concesión das axudas aos clubs deportivos de Ponteareas por importe de 50.000 euros, seguindo o compromiso do goberno local de convocarlas anualmente e mantendo a cifra dos últimos anos, a pesar da COVID-19.

Estas axudas teñen como finalidade apoiar o esforzo dos clubs sen ánimo de lucro federados en

competición oficial, que están tratando de dar continuidade á actividade deportiva coas debidas medidas de seguridade sanitaria para evitar posibles contaxios do coronavirus. Nesta ocasión foron 22 as entidades beneficiarias.

Tras esta concesión, o Concello comunica a cada club a cantidade concedida e procede á súa publicación no taboleiro de anuncios municipal, abríndose o período de xustificación da subvención



A Concelleira de Deportes, Nahir Covelo.

por parte dos clubs.

O Concello adxudica 8.000 euros en axudas ás entidades sociais

O Concello de Ponteareas ven de conceder as axudas a entidades sociais que desenvolven actividades no municipio. Así o anunciou a Concelleira de Benestar Social e Igualdade, Verónica Carrera, que destacou o labor que realizan os diferentes colectivos que desenvolven programas para promover o benestar social da cidadanía.

“Con esta nova concesión, que continúa a liña marcada polo actual goberno municipal desde 2015 de colaboración e apoio ás entidades sociais, 7 entidades poderán dar continuidade a diferentes programas que realizarán co apoio do Concello”, manifestou a Concelleira nacionalista. Neste ano 2020 reciben apoio: Adapta, Cogami,

Dar Máis, Familias Azuis, Asociación de Maiores, Pontesolidario e Asociación Española contra o cancro.

Estas subvencións permitirán realizar accións ou actividades de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadá ou igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Un labor que acada aínda maior importancia nesta situación sanitaria pola COVID-19.

Verónica Carrera explicou que “as axudas outórganse cos fondos propios do Concello e concédense de forma transparente e en concurrencia libre para as entidades sociais. O Concello ten a obriga de apoiar o traballo destas entidades pola labor social que realizan”.



PINTURAS
BARCO LEÓN
 PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
 ESMALTES - PAPELES
 Los precios más baratos del mercado
 PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
 Paseo Matutino, 2 . 986 650 920 - 694 421 045 . Ponteareas
 Villanueva, 18 . 986 651 145 - 609 366 364 . A Cañiza

conscem
 CONSTRUCCIONES
 DELEGACIÓN DE GALICIA
MODIKO
 CONSTRUCCIÓN DE INMUEBLES
 OBRA NUEVA · REFORMA · REHABILITACIÓN · PROYECTOS
 GESTIÓN Y FINANCIACIÓN · COMPRA-VENTA DE INMUEBLES
 Morales Hidalgo, 4 Bajo 36860 PONTEAREAS · T. 986 04 51 51

CONDADO/ PARADANTA

PONTEAREAS

O PP lamenta que o bipartito non escoite aos afectados pola ubicación da caldeira

O Grupo Municipal do PP lamenta a falta de diálogo que o bipartito ten cos veciños aos que non quixo escoitar no pleno.

Os populares empezaron a sesión plenaria solicitando que se deixase intervir primeiro aos veciños que o solicitaban. "Era un pleno moi denso, xa que había moitos temas na orde do día. As intervencións veciñais son ao final. Como había moita inquietude e protestas no exterior, solicitamos que se iniciase o pleno coas intervencións veciñais dos pais da escola infantil e da Plataforma en contra da localización da caldeira de biomasa, pero o alcalde negouse a darlles voz no inicio da sesión. O resultado foi que a sesión se alongou e o bipartito cancelou a intervención da Plataforma. Os pais da escola infantil puideron falar a metade da sesión", explican os populares.

O PP considera que non houbo vontade por parte do bipartito en escoitar aos veciños que esta-



ban a reivindicar diálogo. "Sabían que o pleno tería unha ampla duración e por iso negáronse a adiantar a intervención. O bipartito non tivo vontade de dar voz á Plataforma que defende unha nova localización da caldeira de Biomasa, en plena construción".

Pola contra, os representantes da Plataforma mantiveron unha reunión cos deputados provinciais do PP para que os mesmos coñezan a problemática desta obra, e porque ademais, como parte do fi-

nanciamento é con diñeiro da Deputación provincial, que lle presta ao Concello e que só é viable a súa concesión se o terreo sobre o que se inviste é municipal, cuestión que nestes momentos aínda que o alcalde non quere escoitar, é algo que está en cuestión despois da diferente documentación achegada polos veciños. "Fronte á falta de diálogo do bipartito, temos outro partido que está disposto a escoitar e tentar buscar solucións".

A Asociación de Veciños Ponteareas Saudable presenta varias denuncias contra o Concello

A Asociación de Veciños Ponteareas Saudable, convocante das caceroladas en protesta pola ubicación da caldeira de biomasa, presentou unha denuncia contra o Concello de Ponteareas, ante o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude pertencente ao IGAE (Intervencion Xeral da Administracion do Estado) do Ministerio de Facenda, por un delito de falsidade documental e malversacion de fondos publicos ao ser utilizados nunha propiedade pívada.

Tamén presentaron unha denuncia ante a presidenta e o secretario da Deputación de Pontevedra para que paralice a subvención concedida ao Concello de Ponteareas para a instalación da planta de Biomasa por achegar un informe FALSO de titularidade da parcela. Xa que como acreditou esta asociación, os terreos onde se está construíndo non son do Concello de Ponteareas.

Ademais presentouse ante a Subdirección Xeral de Coordinación da Administración pertencente ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública denuncia contra a subvención concedida con fondos FEDER para a instalación da Planta de Biomasa por achegar un informe FALSO de titularidade da parcela.

Isto conlevaría a que o Concello de Ponteareas pode perder estas subvencións por achegar un informe FALSO, o que conllevaría "a ter que asumir ao seu cargo (é dicir dos veciños de Ponteareas) dita obra pola cabezonería dun alcalde, que a sabendas, continua coas obras".

Alfombra virtual de Ponteareas A Uriangato



Membros da Asociación de Alfombristas Do Corpus Christi de Ponteareas confeccionaron unha alfombra para participar no 5º Encuentro Internacional De Alfombristas Virtual De Uriangato 2020 que se celebrou o 6 de Outubro con motivo das festas de San Miguel Arcanxo.

A alfombra tinga como temática San Miguel Arcanxo, como patrón de Uriangato e Ponteareas, e dous son os símbolos que porta e cos que adoita representarse, a balanza, que pesará as nosas almas e a espada de lume coa que derrota ao demo. Espada e balanza sobre a ponte e o río Tea, que como non podía ser doutra forma, fai referencia ao nome de

Ponteareas.

Pero Uriangato e Ponteareas comparten ademais outra tradición, como son os globos que desde tempo inmemorial lánzanse ao aire no momento do paso da procesión, globos representados nesas volutas brancas que rodean o motivo central.

Desde a "Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas", agradecen a D. Anastasio Rosiles Perez, Presidente Municipal de Uriangato, Guanajuato, Mexico, a invitación para participar no 5º Encontro Internacional de alfombristas "Virtual" en Honra a San Miguel Arcanxo, " E facer extensiva a mesma a todos os nosos irmáns alfombristas e aos veciños de Uriangato en xeral".

CRISTALERIA
CONDADO S.L.

Derivados do Vidro

AVDA. DE CASTELAO, 9
35661 PONTEAREAS
(Pontevedra)

Tel: 986 66 16 42
cristal@crystalencondado.com

CONFITERÍA

La Marquesina
CAFE

Reveriano Soutullo, 1 - Tlf.: 986 640 243
Ponteareas

Ponteareas terá un edificio municipal na Praza Maior

O goberno de Ponteareas do BNG e do PSOE adquirirá unha propiedade na praza Maior para dar novos servizos á cidadanía. Con esta compra increméntase o patrimonio municipal, estando ata agora completamente limitaos os espazos para ofrecer novos e mellores servizos á veciñanza ou ampliar os existentes.

A través dun procedemento administrativo que garantíu a transparencia, o Concello negociou coas distintas propiedades que reunían as características técnicas. Agora, o Concello mercará por 250.000€ unha propiedade de 341 metros cadrados que alberga unha edificación de 918 m2 divididos nunha planta



baixa e dous andares.

Para esta nova adquisición, o goberno de Ponteareas xa ten solicitado ao Fondo Galego de

Cooperación da Xunta de Galicia un préstamo sen intereses a devolver en oito anos. Para a obra de restauración e posta en servizo

á cidadanía dispón do apoio dos fondos europeos a través da estratexia "Ponteareas, hábitat saudable". Concretamente os fondos FEDER aportarán o 80%.

Previamente, e con esta finalidade, o goberno municipal realizou un proceso de consulta cidadá no que participaron representantes do tecido socioeconómico da Vila, ademais dunha consulta dixital. Tamén se contou coas aprotacións realizadas por representantes da administración local (Membros do goberno e voceiros dos grupos políticos con representación municipal, persoal técnico e traballadores municipais). Froito desa participación definíronse os usos do futuro edificio.

Esquerda Unida lamenta a prórroga do contrato de Viaqua

No pleno do 1 de outubro o goberno de Ponteareas composto por BNG e PSOE, acordou prorrogar o contrato da actual empresa concesionaria do ciclo da auga Viaqua. Segundo o alcalde, isto faise porque a día de hoxe o Concello aínda non dispón da documentación que foi retirada polo xulgado no marco do caso Patos, o que impide facer os trámites necesarios para resolver o fin do contrato e decidir o "futuro da xestión".

O certo é que "o futuro da xestión" xa o teñen decidido BNG e PSOE, xa que o pasado agosto contrataron por 18.000 euros a unha empresa para redactar os pregos do novo contrato. É dicir, que xa teñen decidido seguir privatizando o servizo por moito que tenten dar a entender outra cousa. De aí ven a negativa do alcalde a responder aos requirimentos da oposición cando lle lembraban que no ano 2018 se acordou iniciar o proceso de remunicipalización da auga.

Esquerda Unida ten claro que dende o goberno municipal pretenden seguir enganando á veciñanza sobre as súas verdadeiras intencións ata que xa estean os feitos consumados. Soamente coa presión veciñal se poderá cambiar o rumbo que xa ten tomado este goberno municipal. De todas nos depende que unha multinacional se siga a lucrar co que é dos veciños e veciñas ou que a xestión do ciclo da auga sexa levada directamente polo concello. Por Esquerda Unida non vai a quedar.

Seis novas rotondas e unha senda peonil para a N-120 ao seu paso por Xinzo, Areas e Arnoso

O alcalde, Xosé Represas, e a concelleira de Vías, Obras e Alumeado, Chus Garrote reuníronse coa subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba, que lles avanzou a redacción do deseño de trazado de mellora da N-120 ao seu paso polas parroquias de Xinzo, Areas e Arnoso. Na xuntanza tamén participaron o xefe da Unidade de Estradas do Estado en Pontevedra, Pablo Domínguez, un representante da empresa redactora do proxecto de trazado e membros da plataforma pola mellora da seguridade viaria da N-120.



Maica Larriba informou aos asistentes que "se trata dun tramo de vía de 5 quilómetros, que vai contemplar a construción de

seis rotondas que mellorarán a mobilidade na estrada e garantirán unha maior seguridade, evitando os xiros á esquerda".

Así mesmo engadiu que o deseño do novo trazado contempla unha senda peonil ao longo dos 5 quilómetros que se alternará en ambas marxes da estrada, alén dos conseguíntes pases de peóns. encontro mantido entre os representantes e técnicos da Administración Xeral do Estado e do Concello, así como cos veciños das parroquias afectadas, buscaba "mellorar a coordinación entre as diferentes Administracións e a propia plataforma veciñal, amais de adiantarlles o traballo realizado ata agora pola Demarcación de Estradas do Estado".

FUCO PRADO



CONDADO/PARADANTA


O goberno de Ponteareas propón o recoñecemento de 93.000 m² do casco histórico como Área de Rehabilitación Integral

Unha declaración da que se beneficiarán 651 vivendas que poderán contar con axudas para a rehabilitación

O goberno do BNG e do PSOE informa á veciñanza que está tramitando o recoñecemento dos 92.875 metros cadrados que ocupa o casco histórico de Ponteareas como Área de Rehabilitación Integral (ARI). Declaración que será solicitada á Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia.

A Área de Rehabilitación Integral de Ponteareas beneficiará a un total de 518 vivendas agrupadas en 74 edificios de uso residencial colectivo e 133 vivendas unifamiliares. Ademais, no ámbito existen 5 edificios de equipamentos e suporá tamén unha inversión na reurbanización de rúas e prazas incluídas nesta contorna (mellora en alumado público, nas redes de servizos e subministradores, no mobiliario urbano...)

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, destacou que “esta nova medida forma parte da estratexia de cambio iniciada en 2015 para dinamizar o núcleo urbano, e especialmente o caso histórico coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas, recuperando os espazos, tanto públicos como privados. Unha iniciativa que axudará á recuperación urbanística do caso histórico e favorecerá a creación de emprego. Medidas



entre as que se encadra tamén a recente adquisición dun edificio na praza Maior para destinalo a servizos municipais á cidadanía”.

O goberno municipal xa ten adiantados os traballos para esta declaración, “contamos xa coa memoria e a planificación para a delimitación da ARI, un expediente detallado no que se recollen as actuacións para que a solicitude poida remitirse á Xunta, logo da súa aprobación polo Pleno Municipal”, manifestou a Concelleira

Chus Garrote que xa iniciara estes traballos no pasado mandato.

O goberno local quere facer partícipe aos veciños e veciñas do casco histórico deste proxecto e, aínda que neste momento non é posible realizar reunións abertas á cidadanía, comunicará directamente a proposta e nos vindeiros días abrirá na web municipal un espazo informativo sobre o ARI de Ponteareas e unha canle de comunicación para recibir ás aportacións da cidadanía. Posteriormente,

cando as condicións sanitarias da pandemia o permitan, manterase un encontro aberto no que participará o equipo técnico redactor do proxecto para explicar os beneficios que reportará á Área de Rehabilitación Integral, “queremos traballar xunto cos veciños/as e propietarios/as para lograr a declaración do ARI”, declarou Represas.

O ámbito do ARI de Ponteareas organizase en torno ás dúas prazas principais da vila, a Praza

Maior e a Praza de Bugallal. Estas compoñen o centro do ARI, e a partir de aí medra comezando dende o sur, os Xardíns da Xiralda, a Casa do Concello, e a Praza de Bugallal, a conexión entre ambos espazos pola Avenida da Constitución, e tamén entra o entorno da Igrexa. A continuación está a conexión entre ambas prazas principais, que se desenvolve pola Rúa de Oriente e a Rúa da Esperanza. Os edificios do entorno destas rúas constitúen outra parte recoñecible do ámbito. Por suposto un punto importante do Casco Vello é a Praza Maior e as rúas que de esta saen para conectala con distintos espazos da Vila. As rúas traseiras da Praza Maior, xunto coa Rúa dos Ferreiros forman outro espazo cun carácter propio, e de gran importancia no ámbito. Así, a Rúa dos Ferreiros prolóngase cara o sur coa Rúa do Doutor Fernández Vega, que remata o ámbito antes da Praza de Abastos. Finalmente, a parte máis ao norte do ámbito, a Rúa Real, que corresponde ao paso da N-120 pola vila. Na zona desta rúa onde desembocamos dende a Praza Maior baixando pola Baixada de San Gregorio atopamos cuns edificios históricos da vila con clara necesidade de rehabilitación.

www.novasdoeixoatlantico.com

CONFITERIA
Regino
 Rosquillas . melindres . variadito de pasteles
 sublime de cacao . tarta de té
 rocas de chocolate . tarta de framuesa
 tartas personalizables con foto a partir de 2 kg
 Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834

INMOBILIARIA
MERCA VENDA
 Casas
 Locales
 Fincas
 Pisos
 Ventas
 Alquileres
 Tasaciones
 Presupuestos
 Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
 Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
 mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

As Neves: denuncian carencias na calidade de ensino no IES Pazo da Mercé

Un mes despois do comezo do ano escolar 2020-2021, o Consello escolar do IES "Pazo da Mercé", a dirección deste centro, a ANPA e o Concello das Neves, denunciaron á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a existencia de graves problemas na calidade da ensinanza así como de seguridade no centro educativo.

Un dos problemas ten que ver coa falta de autobuses, que afecta ao alumnado coa perda de 2 horas lectivas dende que iniciou o curso escolar. Isto ten provocado que un grupo de alumnos deban empregar un autobús regular para asistir a clases. Toda vez, coa modificación de horarios, os luns e os venres terían que agardar máis dunha hora polo transporte.

Ante este problema de trans-



porte e a súa influencia nos horarios, a dirección do IES veuse na obriga de adiantar ás 14:30 pm a hora de remate das clases, cando anteriormente estaba prevista para as 15:20 pm, coa finalidade de evitar que grupos de alumnos quedaran abando-

nados á hora de xantar.

O IES denuncia que debeu tomar estas medidas agardando que foran de xeito provisional. Non obstante, non observan ningún tipo de resposta e de solución por parte da Consellería de Educación.

Rehabilitación de escolas e parque infantil en Mondariz

O Concello de Mondariz iniciou a segunda fase do proxecto de rehabilitación da antiga escola unitaria de Rego, na Parroquia de Vilar, valorada en 38.473,97 €, grazas ao financiamento da Deputación de Pontevedra a través do Plan Concellos 2018-2019.

Igualmente, a Corporación Municipal iniciou os traballos de restauración da antiga escola unitaria da parroquia de Toutón,

que estaba sen cuberta desde 1990. Estas obras tamén contan co financiamento da Deputación de Pontevedra, por valor de 22.000 € e adxudicados a unha empresa local, no marco do Plan Concellos 2020.

Neste parroquia, o Concello tamén acordou coa Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia a restauración do cruceiro da Igrexa de Santo Mateo, do ano 1712 e de estilo barroco.

Finalmente, o Concello tamén iniciou as obras de ampliación do Parque Infantil do Monte da Ovella, situado ao lado da Biblioteca Pública Municipal "Xoan Xosé Pérez Labaca", licitada por 48.000 € tamén no marco do Plan Concellos 2020. Estas obras cumpren co obxectivo do Concello de Mondariz de fomentar o desenvolvemento rural e a recuperación de espazos comunitarios.

Adxudicadas a mellora do Parque Infantil de Barcela e mobiliario urbano para Arbo

O Concello de Arbo ven de adxudicar a dotación de mobiliario urbano no Casco urbano e de unha balaustrada no parque infantil de Coruxa en Barcela. O importe

da obra é de 19.354,96€, sendo financiada dentro do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra e licitada a través da plataforma de Contratación do Estado.

Dan comezo as obras no camiño Urzal, en Barcela

O Concello de Arbo, adxudicaba a contratación das obras de Ensanche Mellora do camiño de Urzal – Cívica 2ª Fase" a través da plataforma de contratación do Concello de Arbo.

As obras incluídas neste proxecto consisten no ensanche e a mellora dun tramo do camiño existente no lugar de Urzal na parroquia de Barcela e do que xa se executou o ano pasado a primeira fase deste proxecto

O importe do contrato as-



cendería á cantidade de 90.978,94 €. A obra está financiada ao 100% pola Deputación no marco do Plan Concellos 2020

As Neves entra no programa "Mareas de Coñecemento e Experiencia" na UVigo

Este mes de outubro, o Concello das Neves anunciou a súa participación nun programa de formación para maiores de 50 anos da Universidade de Vigo, titulado "Mareas de Coñecemento e Experiencia".

O proxecto busca a democratización do coñecemento e o

acceso á educación superior para as persoas maiores, independentemente da súa idade, xénero, domicilio ou recursos.

O curso, gratuíto e con prazas limitadas a 30 persoas, consta de tres seminarios a realizarse no CIPC de Taboexa, e no salón de Servizos Sociais das Neves.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



CONDADO/PARADANTA

A Cañiza presenta o estudo integral das redes de colectores e depuración e augas residuais

O alcalde da Cañiza, Luis Piña, presenta o estudo integral das redes de colectores e depuración e augas residuais de todo o territorio da Cañiza, coa meta de acadar nos vindeiros anos a excelencia medioambiental. Un estudo imprescindible e inexistente ata o de agora que por primeira vez plantexa a realidade da Cañiza en materia de depuración: o 41% dos veciños non dispoñen deste sistema.

Este proxecto, cunha vixencia de 15 anos, servirá de guía para coñecer en profundidade os problemas e necesidades en depuración e augas residuais nos 252 núcleos do noso municipio.

Serán necesarios 2.757.000€ para poder dotar de depuración ao municipio estimando a colocación no futuro de 16 novas depuradoras. Tamén contempla a

subsanción das deficiencias nas EDAR existentes.

Como é o caso das Estacións Depuradoras de Augas Residuais de Valeixe e de Achas, que necesitan ser substituídas canto antes debido as deficiencias no seu funcionamento que provoca que teñamos inspeccións da Confederación Hidrográfica do Norte e a imposición de elevadas multas.

Luis Piña, xunto cos técnicos da empresa Teswater Global, encargados da elaboración e redacción deste documento, presentaron o ESTUDO INTEGRAL realizado polo Concello da Cañiza para profundizar nas necesidades en materia de depuración en todo o Municipio.

Un Proxecto que ofrece unha radiografía exacta das carencias que temos en cada lugar de cada parroquia e que servirá como mapa de ruta para empezar a tra-



ballar nesta materia.

O traballo desenvolve un estudo e descrición integral de toda a rede municipal de colectores e depuración así como as necesidades a satisfacer en cada núcleo e as zonas de actuación. Por exemplo na parroquia do Couto debido á súa accidentada orografía

serían necesario colocar 5 estacións de bombeo (EBAR) e 1 depuradora (EDAR) para conseguir sanear o 100% das vivendas.

Plantexanse as posibles instalacións de saneamento en función da agrupación de núcleos rurais, se propoñen os sistemas de depuración máis axeitados a cada

lugar dependendo da súa orografía, situación e número de habitantes e tamén se aporta unha descrición e a xustificación e estimación dos costes das obras para cada alternativa.

Plantexa tamén a mellora dos procesos de depuración naqueles núcleos que a pesar de ter rede de saneamento, o tratamento que reciben as augas residuais non é suficientemente efectivo en canto a calidade da auga que se verte aos ríos como é o caso dos núcleos que teñen colectores conectados a fosas sépticas.

Por último propoñen os lugares máis deficitarios con determinación das fases de actuación por prioridades.

Este Proxecto verase completado cun segundo documento no que se recollerá a situación actual e estudo das necesidades da rede de alcantarillado do Municipio.

ACiP lamenta o estado do Parque das Pombas

ACiP esixe ao goberno municipal a reparación e mantemento adecuado do Parque das Pombas, que nestes momentos se atopa moi deteriorado e impracticable.

A vice portavoz Municipal Raquel Bautista Alfaya, denuncia o que as zonas verdes do Concello están deterioradas mentras o goberno municipal BNG-PSOE gasta miles de euros en contratar empresa privadas para realizar traballos que perfectamente poden realizar persoal municipal. Dí que o Concello ten máis de 70 traballadores a través de contratos da Deputación e Xunta de Galicia, e aínda así os espazos verdes están inservibles e non aptos para o seu uso.

Lamentan que este parque, inaugurado no ano 2002 cunha superficie de máis de 10.000 metros e sendo un referente naqueles momentos como unha verdadeira zona de recreo para os pequenos e para os maiores, con parque biosaudable e zona de pistas polideportivas, se atope en estado



de abandono con arquetas rotas, fochas na zona dos xogos infantís, cables de iluminación soltos, etc..

Para ACiP é grave que o parque esté aberto ao uso, cando tería que estar valado debido á situación na que se atopa. Esixen tamén a apertura da cafetería que leva máis dun ano pechada, sendo reclamado por ACiP en decembro do 2019, ante o que o alcalde prometeu a súa apertura inmediata e que aínda non cumpríu.



Concurso fotográfico na Cañiza

O Concello da Cañiza organiza o Certame Fotográfico "Encantos das nosas parroquias" no que os participantes deben presentar fotografías relacionadas coas parroquias de A Cañiza e facer referencia a un lugar concreto dunha delas, salientando valo-

res naturais, etnográficos, as súas xentes, paisaxes, valores culturais, gastronómicos, etc.

O primeiro premio esta dotado con 200 euros, o segundo 150 e o terceiro 100.

A data límite para entregar as fotografías é o 30 de outubro de 2020.

Salvaterra honra aos seus mortos

O goberno de Salvaterra reuniuse o pasado martes con membros da Plataforma para a Recuperación da Memoria Histórica.

A alcaldesa e varios tenentes de alcalde escoitaron as propostas dos membros da plataforma que consisten en:

1.- Colocación dunha placa co texto: "Espazo da Memoria: O pobo de Salvaterra de Miño en recoñecemento ás vítimas do golpe de estado de 1936".

Poríase tamén a data do acto.

2.- Lugar do monumento.- A proposta da plataforma é colocalo no parque que está diante do mercado. Deste xeito se transformaría unha fonte con vestixios franquistas nun espazo da memoria.

As dúas propostas están pendentes de ser aprobadas polo goberno local. Dende a plataforma cren que non haberá ningún impedimento para levalas adiante.

Ligação da ecovia entre Cerveira e Lanhelas concluída até ao final do ano

A terceira fase das obras já está em andamento com a pavimentação do troço entre as freguesias de Gondarém (Cerveira) e Lanhelas (Caminha).

O autarca de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira visitou as obras, tendo realçado que a conclusão da 'via verde' de Vila Nova de Cerveira incorpora ainda uma componente de novos desafios de atratividade turística para o território municipal, bem como é uma porta aberta para a Galiza. "Queremos concretizar, num futuro próximo, a ponte pedonal e ciclável entre o nosso Parque do Castelhinho e o Espaço Fortaleza, em Tomiño, Galiza, e que será o primeiro Parque Transfronteiriço pelo menos de Portugal/Espanha", recorda Fernando Nogueira.

Com esta última fase, cuja conclusão está prevista para o final do ano, a Ecovia 'Caminho



do Rio', em Vila Nova de Cerveira, ficará com cerca de 13,5 quilómetros de pleno contacto com o rio Minho e natureza envolvente.

A ecovia foi considerada como a terceira melhor via verde da Europa, nos 8th European Green Award, na Irlanda. Está a decorrer a pavimentação do troço da Ecovia 'Caminho do Rio' que liga os con-

celhos de Vila Nova de Cerveira e de Caminha, entre a Praia Fluvial da Mota, em Gondarém, e a freguesia de Lanhelas. Esta 3ª e última fase, correspondente a 940 metros, dá por concluída a 'via verde' que atravessa o território municipal, proporcionando a plena usufruição pedonal e ciclável ao longo de 40kms até Monção.

Caminha finaliza prologamento da ecovia do Camarido

A Câmara de Caminha está a terminar a obra de prologamento, para sul, da ecovia do Camarido, criando um atravessamento seguro na N13.

Para tal, será colocada uma passadeira e instalação de tecnologia adequada, melhorando as condições e aumentando a segurança de pessoas dada a elevada frequência de utilização anual, como se verifica no PDM de Caminha em vigor, classificado como "Caminho de Santiago", eliminando esta forma de pontos de acumulação de acidentes que envolvem peões e ciclistas.

Dos trabalhos fazem parte: execução de passadeiras inteligentes privilegiando o percurso



e acesso pedonal; execução de passeios; ligação pedonal e ciclável entre Caminha/Moledo e Cristelo/Moledo; sistematização, redistribuição e renovação e colocação do mobiliário urbano.

A obra está em fase de conclusão, faltando apenas autorização das Infraestruturas de Portugal para intervir na passadeira que fará a ligação de nascente a poente.

Alto Minho no "Top 100" dos destinos mais sustentáveis a nível mundial

Por terceiro ano consecutivo, a região do Alto Minho incluíse na iniciativa "Top 100 Sustainable Destinations 2020", na lista das cem regiões consideradas os melhores destinos sustentáveis a nível mundial, realizada na Conferência Global "Green Destinations Days", entidade internacional especializada em turismo sustentável.

Esta distinção reconhece a qualidade do trabalho realizado pela Comunidade Intermunicipal (CIM) Alto Minho, conformado polos Concelhos de Arcos de Val-

devez, Caminha, Melgaço, Monção, Paredes de Coura, Ponte da Barca, Ponte de Lima, Valença, Viana do Castelo e Vila Nova de Cerveira, com área total de 2.210 km².

Deve salientar-se que perto do 30% do território do CIM Alto Minho está incluído na Rede Natura 2000, sendo também a primeira NUTS III de Portugal Continental em ser galardoada com a Carta Europeia de Turismo Sustentável (CETS), concedida pela Federação Europeia de Parques Nacionais e Naturais (Federação EUROPARC)

Alto Minho com 324 casos ativos de COVID-19



A região do Alto Minho a 16 de outubro, apresentava 324 casos ativos de Covid-19, segundo o último relatório epidemiológico divul-

gado pela ULSAM.

Desde o início da pandemia, esta região contabiliza 1317 casos, dos quais 928 estão curados, e há 65 óbitos.

Tradicional Feira dos Santos cancelada em Valença

A Feira dos Santos de Cerdal, em Valença, realizada todos os anos no "Dia de Todos os Santos" e considerada a última grande feira romaria do calendário anual do Noroeste Peninsular, foi cancelada devido à pandemia do COVID-19.

Esta foi a decisão tomada pela paróquia de Cerdal, após serem consultadas as autoridades locais e o Delegado de Saúde

de Viana do Castelo.

A tradicional feira, aparece documentada em 1758 e atrai todos os anos milhares de portugueses e espanhóis e que se realiza todos os anos no Largo de S. Bento na freguesia de Cerdal em Valença, estando prevista para os dias 1 e 2 de novembro, não se realizará no ano de 2020. A Feira iria reunir cerca de 400 expositores

PUBLICITE (00351) 960 069 934
AQUI comercial.pt@novasdoeixoatlantico.com

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Redacción

Rua 25 de Abril de Monção mais atraente e próxima das pessoas

Os trabalhos de requalificação urbanística da Rua 25 de Abril estão concluídos, tendo transformado aquela entrada no centro histórico da vila numa área vistosa, atraente e funcional, transmitindo uma imagem moderna, contemporânea e próxima das pessoas.

Nesta área, foi criada uma zona de descanso, com pérgula e bancos, funcionando como uma "varanda" com uma panorâmica interessante e agradável sobre a rua. Sem dúvida, um local privilegiado para apreciar a passagem do Cortejo Etnográfico das Freguesias e as procissões solenes do Corpo de Deus e Senhora das Dores.

No decorrer da obra, foi descoberto um túnel de acesso à fortaleza de Monção, concretamente à falsa braga do Baluarte da Cova do Cão, o qual se encon-



trava soterrado pelo muro de suporte de terras. Com adaptação do projeto inicial, procedeu-se à sua recuperação.

A intervenção compreendeu ainda a criação de passeios mais largos e a plantação de novas árvores, privilegiando-se a circulação pedonal, bem como a reorganização do trânsito e estaciona-

mento. A circulação automóvel mantém-se nos dois sentidos.

A beneficiação da Rua 25 de Abril enquadrou-se num projeto global de requalificação urbanística do centro histórico da vila, o qual configura uma verdadeira "revolução" na imagem dos espaços públicos, fomentando o aumento turístico, cultural e comercial.

Seis restaurantes para se deliciar com o Sarrabulho em Ponte da Barca



Nos dias 7 e 8 de novembro, o Município de Ponte da Barca promove o último Domingo Gastronómico do ano, desta vez dedicado ao Sarrabulho.

Depois do sucesso do Cozido à Portuguesa, da Posta Barrosã ou do Naco à Terras da Nóbrega, o Município de Ponte da Barca termina o ciclo dos fins-de-semana Gastronómicos com o Sarrabulho a reinar.

Há seis restaurantes aderen-

tes em Ponte da Barca onde o Sarrabulho pode ser degustado, a saber: Churrasqueira Barquense, Jaime Gomes, o Emigrante, o Kibom, S. Martinho (Crasto) e Santana.

Boas razões para visitar Ponte da Barca, concelho que como refere o Presidente da Câmara, Augusto Marinho, além do 'excelente vinho e gastronomia, é uma terra de gente hospitaleira, com paisagens idílicas, ar puro, tradição e património'.

Presidente da Câmara "não aceita" decisão de encerramento balcão do banco Santander Totta em Melgaço

Melgaço foi surpreendido com o encerramento do balcão do Banco Santander Totta, S.A. (BST). A notícia foi recebida com desagrado pelo autarca melgacense, Manoel Batista, que de imediato fez chegar uma carta aos presidentes da instituição onde mostra o seu total descontentamento. «Lamentavelmente, o BST deixou de encarar o nosso território como estratégico e apesar dos inúmeros clientes melgacenses confiarem na instituição, esta virou-lhes as costas. Lamentamos esta vossa decisão, profundamente lesiva para os habitantes e empresas do nosso concelho.», expressa o autarca de Melgaço em carta dirigida aos Presidentes da Comissão Executiva, Pedro Aires Coruche Castro e Almeida, e do Conselho de Administração, José Carlos Brito Sítima, do BST.



Nesta carta, Manoel Batista, para além de mostrar a sua insatisfação, também ela representativa dos sentimentos dos melgacenses, atenta para algumas oportunidades de negócio que o BST pode estar a enjeitar ao tomar a decisão de abandonar o concelho de Melgaço.

E acresce ainda «Melgaço é, historicamente, um concelho com

reservas importantes. Não é por acaso que, desde sempre foi considerado estratégico, tendo agências do BPI, Millennium BCP, CGD, Novo Banco e CCAM Noroeste. Ao abandonar o concelho, o BST deixará de figurar entre as marcas com maior implantação territorial em Portugal. Com toda a certeza, os melgacenses saberão deixar também de confiar na vossa instituição.»

Vison-americano visto a recolher carcaça de gaivota na foz do rio Minho

Depois de serem avistados visons-americanos no rio Selho em Guimarães e no rio Cávado em Barcelos, sendo que também há relatos da sua presença no rio Ave e no Este, em Braga, na zona de Gualtar, existe agora um avistamento na foz do rio Minho.

O mamífero foi avistado em Caminha, na passada sexta-feira 16 de outubro, enquanto recolhia uma carcaça de uma gaivota.

O vison-americano, é um mamífero da família mustelidae e está relacionado com doninhas e lontras. Trata-se de uma espécie invasora.

De acordo com os biólogos, o vison-americano representa uma "ameaça" para as espécies nativas. Estes salientam que não sendo novo, é normal existirem mais avistamentos nesta altura



do ano porque está mais ativo a preparar o Inverno. O maior perigo que o animal representa é comer ovos das aves que habitam as margens do rio e fazem ninhos no solo.

Em Portugal, o vison-americano foi introduzido na década de 80, sendo provavelmente proveniente de quintas de criação localizadas na região da Galiza, existindo apenas uma quinta de criação em Portugal, na cidade de Valença do Minho.

Novo hotel abre em 2022 e vai criar 35 empregos em Viana do Castelo

O grupo B&B Hotels vai iniciar em dezembro, em Viana do Castelo a construção de um hotel, de 7,7 milhões de euros, para abrir em 2022 e criar 35 novos empregos, disse hoje o responsável em Portugal. Torcato Faria disse que “os 35 novos postos de trabalho, diretos e indiretos, serão preenchidos com recursos humanos recrutados na região e formados pelo grupo”.

A nova unidade hoteleira vai ficar instalada num quarteirão situado entre as ruas Tenente Coronel Afonso do Paço e a estrada da Papanata, junto à ponte Eiffel, no centro da cidade de Viana do Castelo.

O início da construção está previsto para “a primeira quinzena de dezembro”, e implicará a “demolição de antigos armazéns”



instalados nos terrenos adquiridos pelo grupo, estimando-se a abertura do hotel “em abril de 2022”.

A unidade de três estrelas, com 116 quartos, “é a décima sétima de 34 que o grupo está ou se prepara para construir em Portugal”. O hotel “terá rés-do-chão e, em parte, o edifício terá

quatro pisos, sendo que na área de colmatação, que encosta a um outro imóvel, terá um quinto piso”, especificou.

A construção do novo hotel foi avançada pela Lusa em janeiro de 2019. Hoje, na Câmara de Viana do Castelo, foi formalizado o contrato de investimento.

Trabalhos de Humberto A. Cruz em exposição no Museu do Brinquedo Português de Ponte de Lima

A exposição do artista intitula-se “Miríade ... de Bichos” e inclui peças originais fruto da transformação de “lixo” em arte. Para ver de 15 de outubro a 30 novembro de 2020, na sala de Exposições Temporárias, com a parceria da Fundação da Caixa Agrícola do Noroeste.

A exposição do artista Humberto A. Cruz reúne um conjunto significativo de trabalhos, de pintura e de escultura, desenvolvidos ao longo de 25 anos, que certificam a criatividade e o entusiasmo patente em cada peça de sua autoria. Coloridas e originais, estas peças revelam a veia artística do autor e divulgam a criação harmoniosa de fragmentos inóspitos que deram origem a uma mostra de arte distinta.

A visitar de terça a domingo, no Museu do Brinquedo Português, espaço museológico, de partilha de conhecimentos e de interpretações evidenciados através das diversas exposições patentes neste

espaço que se traduzem em meios de comunicação e de aprendizagem por excelência.

O ARTISTA

Humberto Augusto da Cruz Rocha e Silva, nasceu em Baltar, em 1960, licenciado em Engenharia Agrícola pela Universidade de Évora, é professor nessa área.

Conhecido pelas suas barbas, na escola onde trabalha, desde miúdo recolhia das lixeiras resíduos de materiais, hoje considerados recicláveis.

Todo esse material foi conservado, sem utilização, até ao dia em que se serviu dele como base da sua pintura e escultura.

Desenvolveu a atividade artística durante 25 anos, participou em diversas exposições, estando, desde 2015, sem criar arte devido à falta de espaço para produzir e para guardar todo o seu material.

As peças originais de Humberto Silva são fruto da transformação do desperdício, demonstrando que do “lixo” se faz arte.

Arcos de Valdevez e Ponte Da Barca reivindicam melhoria da ligação à fronteira com a Galiza

As Câmaras Municipais de Arcos de Valdevez e Ponte da Barca enviaram uma missiva ao Primeiro Ministro Português, António Costa, onde reivindicam, mais uma vez, a melhoria da estrada que liga o IC 28 à fronteira com a Galiza, mais concretamente, a fronteira de ligação Madalena/Ourense.

Esta via é muito importante e estratégica para a competitividade destes municípios e da região.

A melhoria da estrada permitirá colocar as pessoas e os produtos a menos de 30 minutos das redes



rodoferroviárias principais de ligação a Madrid e ao centro da Europa,

isto porque irá ligar com a autoestrada de acesso à Europa (A52).

A via também permitirá a ligação com o TGV uma vez que está em construção a sul de Ourense/Celanova a estação da Linha de Alta Velocidade entre Madrid-Galiza.

De referir que a obra faz parte do plano rodoviário português, bem como do plano da Junta da Galiza, que considera estruturante a conexão entre Celanova e a fronteira da Madalena.

Ambas Câmaras Municipais, há mais de uma década, têm vindo

a reivindicar esta ligação, nomeadamente junto do Governo Português antes da Cimeira Luso Espanhola, do passado dia 10 de Outubro.

As duas autarquias pretendem que o Governo Português considere prioritária a execução desta via no Plano de Recuperação e Resiliência de Portugal, de forma a alavancar as relações económicas e transfronteiriças e a atratividade dos municípios e da região.

esteves
padaria e pastelaria

SANDES & BAGUETES 24

LUGAR DE GANDRA, N.º 52 - MAZEDO - MONÇÃO

TLF.: 251 656 005 • 251 651 881

PROGRAMACIÓN CULTURAL CONCELLO DE MONDARIZ - 2020 -

NOVEMBRO

sábado 7
10:00 h. Saída micolóxica "Outro xeito de andar".
Igrexa de Lougares.
20:30 h. Ciclo cine feminista: "Con ollos de Muller".
Película "LAS SUFRAGISTAS".
Auditorio Municipal de Mondariz.

sábado 14
10:00 h. Taller de Defensa Persoal para Mulleres.
Biblioteca Municipal Xoán Xosé Pérez Labaca.

domingo 15
17:30 h. Ciclo cine feminista: "Con ollos de Muller".
Película "VAIANA". Auditorio Municipal de Mondariz.

sábado 21
10:00 h. Saída micolóxica "Outro xeito de andar".
Igrexa de Mouriscados
20:30 h. Ciclo cine feminista: "Con ollos de Muller".
Película "COLETTE". Auditorio Municipal de Mondariz.

sábado 28
10:00 h. Taller de Defensa Persoal para Mulleres.
Biblioteca Municipal Xoán Xosé Pérez Labaca.
20:30 h. Curtametraxe e coloquio "As tres caídas de María Santiso" coa presenza do director Roberto Alvite.
Auditorio Municipal de Mondariz.

CURSOS 2020/21

CERTIFICADO ELECTRÓNICO
- 11 de novembro e 16 de decembro de 10:30h. a 12:00h, 19:00 e 20:30.
- Idade maiores de 18 anos.
- Curso en liña, plataforma a concretar.
- Gratuito.

DNI ELECTRÓNICO E CLOVE PIN
- 8, 25 de novembro e 3 de decembro.
- De 10:30h. a 11:45h.
- Idade maiores de 18 anos.
- Curso en liña, plataforma a concretar.
- Gratuito.
(Os días poden variar, por razóns da obtención do certificado, para poder continuar)

CARRETILLEIRO
- 30 novembro De 9:30h.- 13:30h.
- 1 e 2 de decembro:
1º grupo de 9:30h. a 13:30h.
2º grupo de 15:00h. a 19:00h.
- Lugar: En Salvaterra de Miño.
- Custo do curso 83€.
(Os días das prácticas poden variar, por razóns meteorolóxicas)

LINGUA DE SIGNOS
- Curso presencial.
- Idade maiores de 18 anos.
- Do 2 de novembro ao 11 de maio.
- Xoves de 10:30h a 12:00h
- Lugar: A concretar.
- Custo do curso 80 euros.

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
- Día 9 de decembro.
- De 9:30h. a 13:30h.
- Gratuito.

ALMACÉN E CONTROL DE STOCKS
- Do 11 ao 23 de xaneiro.
- De 9:30h. a 13:30h.
- Idade maiores de 18 anos.
- Lugar: Centro de formación (Salvaterra).
- Custo do curso: 85,35€

MONITOR DE TEMPO LIBRE
(Titulación oficial, expedida pola Xunta de Galicia)
- Curso parte presencial e parte online.
- Idade maiores de 18 anos.
- Do 25 de xaneiro ao 19 de marzo, de luns a venres en horario de 9:00h. a 14:00h.
- Ou do 9 de xaneiro ao 28 de abril, sábados e domingos.
*Sábados (de 9:00 h- 14:00h e de 15.30h- 20:00h.) e domingos (9:00h- 14:00h.)
- Lugar: (Centro Formación (Salvaterra) parte presencial).
- Custo do curso 245€.

DIETÉTICA
- Curso en liña plataforma zoom.
- Idade maiores de 18 anos.
- Do 21 de xaneiro ao 25 de febreiro
- Xoves de 10:30h a 12:00h.
- Custo do curso 40€.

FOTOGRAFÍA CREATIVA
- Curso en liña plataforma a concretar.
- Idade maiores de 18 anos.
- Días a concretar.
- Custo do curso : 65,33 €.

OBRAIDRO PLASTISTORIAS
- Obradorio para nen@s.
- Idade maiores de 4 anos.
- Lugar o Parque A Canuda.
- Maíe hora a concretar.
- Gratuito.

OBRAIDRO PAPIROFLEXIA
- Obradorio para nen@s.
- Idade maiores de 4.
- Lugar o Parque A Canuda.
- Maíe hora a concretar.
- Gratuito.

INFORMACIÓN DO 24 DE OUTUBRO AS 6 DE NOVEMBRO (2020). PARA OS CURSOS DO 2021 AMPLIASE O PRAZO ÁS 31 DE DECEMBRO. EN CASO DE NON HABER SUFICIENTE NÚMERO DE PARTICIPANTES, O CONCELLO RESERVA O DEREITO DE ANULACIÓN DO CURSO.

Óptica mahen

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS

r ú a s e n é n c a n i d o , 4